

Pro dereitos civís

Amanda Labarca

«Que nos brinden a todos xustiza, liberdade, democracia e benestar e que lle permitan á muller laborar de igual a igual que có home».

Amanda Labarca

«Hai un feito incontestábel e é que as relacións sociais de xénero, como son socialmente construídas, son transformábeis».

Lola Frutos Balibrea



Aminetu Haidar
(Sáhara)

«A miña dignidade está por riba dos meus fillos e por riba de todos».

Aminetu Haidar

Luns Martes Mércores Xoves Venres Sábado Domingo

		1 1692 Comeza o famoso xuízo ás bruxas de Salem.	2 1816 Juana Azurduy de Padilla, heroína boliviana, derrota as tropas españolas.	3 1880 Nace María Barbeito na Coruña. Pedagoga, socióloga, educadora e escritora.	4 1744 Nace Marianne von Martínez, cantante e virtuosa pianista. Académica de Música de Bolonia.	5 1703 Falece Gabrielle Suchon, filósofa francesa. "Tratado da moral e da política".
6 1994 Morre Melina Mercuri, actriz e política grega. Ministra de cultura en 1981.	7 1920 Julieta Lanteri preséntase polo Partido Feminista Nacional na Arxentina.	8 DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES	9 1888 Nace Enriqueta García Infanzón, "Eugenia Astur", escritora Asturiana.	10 "A solidariedade debe unir todas as mulleres, desde a señora até a obreira". M ^{te} Vinyals	11 1881 Nace Gloria Turner. As súas obras figuran no Museo Español de Arte Contemporánea.	12 1945 Morte de Ana Frank, asasinada polos nazis en Auschwitz.
13 1900 As Cortes Españolas aproban a lei que regula o traballo de mulleres e crianzas.	14 1884 Nace Matilde de la Torre, elixida en 1933 e 1936 deputada polo P.S.	15 Nieves G ^a Benito e outras persoas, loitan contra a morte no Estreito de Xibraltar.	16 1940 Pasamento de Selma Lagerlof, 1 ^a muller Premio Nobel de Literatura.	17 1956 Morre Irene Joliot-Curie. Premio Nobel de Química.	18 1996 Morre Nini Marshall, actriz cómica arxentina.	19 1954 C. Eufemia, loitou polos dereitos das mulleres e dos Sen Terra do Brasil.
20 1981 Vén de publicarse A SAIA revista do Colectivo Independente Galego.	21 1982 Encadéanse 150 mulleres na base aérea inglesa de Greenham Common.	22 1995 O MEC diferencia o uso de masculino e feminino nos títulos oficiais.	23 1882 Nace Emmy Noether. Matemática. Teoría de Anéis. Teorema de Noether.	24 1908 Emmeline Pankhurst, sufragista británica, esixe o dereito ao voto feminino.	25 1942 Nace Aretha Franklin, cantante.	26 1930 Nace Sandra Day O'Connor, 1 ^a muller xuíza na Corte Suprema estadounidense.
27 1905 Nace Carlota O'Neill, escritora republicana. "Urna muller na guerra de España".	28 1895 Nace en Villamanín (León) Ángela Ruiz Robles, mestra, escritora e inventora española que traballou sempre en Galiza, precursora do libro electrónico.	29 A Victoria Sau, por enriquecer o pensamento e a solidariedade feministas.	30 1900 Nace María Moliner, lingüista do Dicionario da L. Española que leva o seu nome.	31 2016 Morre en Miami a los 65 anos Zaha Hadid, prestixiosa arquitecta anglo iraquí, estrela da arquitectura mundial.		

Marzo 2017
Creadoras de Cambios Sociais

